

**PROGRAMACIÓN DO
DEPARTAMENTO DE
XEOGRAFÍA E HISTORIA
MÍNIMOS**

CURSO 2013-2014

INDICE

- 1) Relación do profesorado do departamento de Xeografía e Historia e horario de reunión
- 2) Grupos aos que se lles imparte clase
- 3) Metodoloxía didáctica
- 4) Accións previstas de cara ao plan de integración das TICs
- 5) Materiais e recursos didácticos
- 6) Criterios de cualificación e a ponderación correspondente
- 7) Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva
- 8) Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes
- 9) Medidas de atención á diversidade
- 10) Os criterios para avaliar a programación didáctica do departamento
- 11) Programación por cursos:

1º ESO CCSS XEOGRAFIA E HISTORIA

- Competencias básica
- Obxectivos
- Contidos
- Desenvolvemento da materia
- Criterios de Avaliación
- Procedemento de Avaliación
- Actividades complementarias
- Proxecto lector
- Actividades específicas para a sección plurilingüe

2º ESO CCSS XEOGRAFIA E HISTORIA

- Competencias básicas
- Obxectivos
- Contidos
- Desenvolvemento da materia
- Criterios de Avaliación
- Procedemento de Avaliación
- Actividades complementarias

Proyecto lector
Actividades específicas para a sección plurilingüe

3º ESO CCSS XEOGRAFIA

Competencias básica
Objetivos
Contidos
Desenvolvimento da materia
Criterios de Avaliación
Procedemento de Avalación
Actividades complementarias
Proyecto lector
Actividades específicas para a sección bilingüe

4º ESO CCSS HISTORIA CONTEMPORANEA

Competencias básica
Objetivos
Contidos
Contidos sección bilingüe
Desenvolvimento da materia
Desenvolvimento da materia sección bilingüe
Criterios de Avaliación
Procedemento de Avalación
Actividades complementarias
Proyecto lector
Actividades específicas para a sección bilingüe

1º BACHARELATO Hª DO MUNDO CONTEMPORANEO

Objetivos
Contidos
Desenvolvimento da materia
Criterios de Avaliación
Procedemento de Avalación
Actividades complementarias
Proyecto lector

2º BACHARELATO HISTORIA DE ESPAÑA

Introducción

Obxectivos
Contidos
Desenvolvemento da materia
Criterios de Avaliación
Procedemento de Avalación
Proxecto lector

2º BACHARELATO XEOGRAFÍA

Introducción
Obxectivos
Contidos
Desenvolvemento da materia
Criterios de Avaliación
Procedemento de Avalación
Proxecto lector

MATERIAS PENDENTES

1º ESO CCSS XEOGRAFIA E HISTORIA

Contidos
Criterios de Avaliación
Procedemento de Avalación

2º ESO CCSS XEOGRAFIA E HISTORIA

Contidos
Criterios de Avaliación
Procedemento de Avalación

3º ESO CCSS XEOGRAFIA

Contidos
Criterios de Avaliación
Procedemento de Avalación

1) RELACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFIA E HISTORIA

prof. Carmen García-Rodeja Arribí

prof: Xosé Antón García González

prof: Jorge Carlos Calle López

HORARIO DE REUNIÓN

Lúns ás 12,30

2) GRUPOS AOS QUE SE LLES IMPARTE CLASE

1º ESO: prof. Jorge Carlos Calle López, prof Carmen García-Rodeja Arribí e prof. Xosé Antón García González (sección plurilingüe).

1º ESO PI, Xosé Antón García González

2º ESO: prof. Jorge Carlos Calle López, Carmen García-Rodeja Arribí e prof. Xosé Antón García González (sección).

3º ESO: prof., Carmen García-Rodeja Arribí e prof. Xosé Antón García González (sección plurilingüe)

4º ESO: prof. Carmen García-Rodeja Arribí e prof. Xosé Antón García González (sección plurilingüe)

1º BACHARELATO HISTORIA: prof. Xosé Antón García González

2º BACHARELATO XEOGRAFÍA : prof. Xosé Antón García González

2º BACHARELATO HISTORIA DE ESPAÑA: prof. Jorge Carlos Calle López

2º BACHARELATO HISTORIA DA ARTE: prof. Jorge Carlos Calle López

3) METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Creemos nun modelo de ensinanza-aprendizaxe comprensivo que debe preparar a todos á didadanía para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvemento das competencias básicas.

O ensino debe facilitar a aprendizaxe do alumando, axudándoo a desenvolver as competencias básicas que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e que que o alumnado aprenda a aprender.

A aprendizaxe das competencias básicas adquirirase a partir da súa contextualización en situacións reais e próximas ó alumnado para que poda integrar as diferentes aprendizaxes, e empregalas de xeito efectivo cando lles resulten necesarios en diferentes situacións e contextos.

A aplicación ou desenvolvemento dos coñecementos tratados na materia dentro ámbitos como internet, o emprego de soportes informáticos ou a análise da información transmitida por medios audiovisuais constitúense como un elemento gratificante e motivador, e, asemade, unha aprendizaxe imprescindible para a adaptación do alumnado

A pesar de que as competencias teñen un carácter transversal e interdisciplinar respecto ás disciplinas académicas, isto non debe impedir que desde cada área se determinen aprendizaxes específicas que resulten relevantes na consecución de competencias concretas.

O profesorado incorporará situacións próximas ó alumnado para que poda aplicar en diferentes contextos os contidos saberes que conformen cada una das competencias.

O desenvolvemento dos coñecementos tratados na materia serán tamén tratados dentro ámbitos como internet, o emprego de soportes informáticos ou a análise da información transmitida por medios audiovisuais e constituirá un elemento gratificante e motivador, e unha aprendizaxe básica para a adaptación do alumnado a futuros ámbitos académicos ou laborais.

O xeito de avaliar o nivel de competencia alcanzado será a través da aplicación dos coñecementos e as habilidades traballadas. No entanto, as competencias supoñen un dominio completo da actividade en cuestión; non son só habilidades, aínda que estas sempre estean presentes. Por tanto, ademais das habilidades, teranse en conta tamén as actitudes e os elementos cognitivos.

O reto da avaliación reside na obriga de obter uns resultados concretos, xa que as administracións educativas realizarán unha avaliación xeral de diagnóstico cuxa finalidade será comprobar o grao de adquisición das competencias básicas en cada nivel educativo.

O departamento empregará unha metodoloxía activa, combinando os métodos expositivos e demostrativos, convidando ao alumnado a unha participación continua mediante a elaboración de traballos, presentacións, cadernos de aula, composicións e comentarios de texto e imaxes, etc.

Na metodoloxía incluírase o auxilio de libros de texto oficiais para algunhas das materias e a creación de materiais propios que serán publicados en blog e aula virtual.

4) ACCIÓNS PREVISTAS DE CARA AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

O departamento continuará a promover o emprego de novos medios de reprodución como os videoproxectores para a docencia das distintas materias. Ademais, fomentárase en todos os cursos a busca de información en Internet a través da potenciación de actividades interactivas e o uso da rede como fonte de información complementaria e actualizadora de coñecementos.

Nas distintas aulas-materia empregadas polo departamento hai disposición para o acceso a Internet e emprego de materiais virtuais.

Ademais, promoverase a creación de aulas virtuais específicas -sobre todo nas asignaturas de Bacharelato e seccións bilingües- co obxecto de fomentar a interactividade do alumnado e a disposición de recursos en rede, compartidos pola comunidade educativa.

O departamento súmase ás iniciativas de creación e potenciación dos cursos virtuais en diversos niveis de ESO e Bacharelato ao longo deste curso académico, dentro da vontade do IES Xosé Neira Vilas de promover o uso das novas tecnoloxías entre o alumnado.

Asimesmo, promoverase a creación de glogs e vídeos que serán obxecto de exhibición e posterior difusión na canle iesneiravilas da web youtube.com.

Conscientes de que o ensino obrigatorio e postobligatorio debe integrar as novas tecnoloxías nas aulas, membros do departamento formarán parte dun grupo de traballo de vídeo para potenciar o uso deste recurso entre o alumnado.

A creación de LIM's para a súa difusión no blog de Xosé Antón (profesor do departamento) tamén será outra actividade de difusión das novas tecnoloxías, ao igual que a difusión de presentacións sobre as actividades realizadas polo departamento no xestor de contidos do centro educativo.

O centro inicia este ano a súa participación no proxecto Abalar e consideramos necesario aproveitar este recurso TIC para o deseño dos contidos en 1º ESO. Non estamos só ante unha necesidade de adaptación a unha tecnoloxía senón máis ben a un cambio metodolóxico que vén propiciado por esa tecnoloxía; a familiarización con esa tecnoloxía e con novas pautas de traballo pasa a ser un elemento central da metodoloxía a desenvolver na asignatura de Ciencias Sociais

Con esta nova ferramenta esperamos profundizar no desenvolvemento de traballos que utilicen as TIC, desenvolver actitudes que reforcen as habilidades necesarias para o traballo grupal, aprender a buscar información e recursos na rede, obter información a partir do intercambio de experiencias e do traballo cooperativo e potenciar a curiosidade polo coñecemento e encauzala seguindo as pautas do traballo científico.

5) MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS

Utilizaranse como materiais didácticos de referencia

1º ESO: Novo Fistera 1. Ed. Vicens Vives e aula virtual

2º ESO: Fistera 2. Ed. Vicens Vives e aula virtual

3º ESO: Xeografía e CCSS. Ed. Anaya e os contidos colgados na aula virtual de Ciencias Sociais Sección Plurilingüe 3º ESO

4º ESO: Fistera 4. Ed. Vicens Vives e os contidos colgados na aula virtual de Ciencias Sociais Sección Plurilingüe 4º ESO.

1º Bacharelato: Historia do mundo contemporáneo. Empregranse os contidos colgados na aula virtual, nos blogues do profesorado e na páxina do Departamento

2º Bacharelato: Xeografía. Empregranse os contidos colgados na aula virtual, nos blogues do profesorado e na páxina do Departamento.

2º Bacharelato: Historia de España. Empregranse os contidos colgados na aula virtual, nos blogues do profesorado e na páxina do Departamento

2º Bacharelato: Historia da Arte. Empregranse os contidos colgados na aula virtual, nos blogues do profesorado e na páxina do Departamento

Pero a nosa materia transcende o propio libro de texto e invita a observar, preguntar e consultar distintas fontes de información.

Serán empregados polo tanto os materiais producidos polo Departamento especialmente o blogs do profesor Xosé Antón García González:

www.xosea.wordpress.com páxina de referencia para moitos outros Departamentos de Xeografía e Historia. Neste blog aparece multitude de información sobre a materia e a actualidade do mundo, traballos prácticos con numerosas actividades para desenvolver nos diferentes niveis educativos e indicacións de outros blogs para uso na aula.

Son empregados gran cantidade de presentacións e videos nas aulas xa que dispoñemos no noso centro educativo de aulas-materia dotadas em todas elas con video proxector.

Tamén nesta materia será ferramenta de uso os libros: de ficción, históricos e de ambientación histórica, revistas, prensa diaria, ou material audiovisual como filmes ou documentais. Asemade a prensa para a aula de Xeografía e Historia contemporánea.

As clases serán impartidas tanto na aula de audiovisuales, a biblioteca e a aula de ordenadores.

O entorno do alumnado tamén invita a observación e investigación nesta materia, tanto nos aspectos históricos desde a cultura castrexa ata a historia contemporánea pasando pola Arte a través da numerosas exposición

programadas e o estudo da arquitectura do entorno, tamén a Xeografía pode ser estudada desde o análises da ría, dos sectores económicos ou o Urbanismo.

6) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E A PONDERACIÓN CORRESPONDENTE

As actividades teñen un peso importante, tanto cualitativamente como polos obxectivos que se lles asignan. As actividades propostas forman parte dunha metodoloxía activa para conseguir aprendizaxes significativas a partir da propia experiencia, mediante a construción persoal de coñecementos.

Nos cursos 1º,2º e 3º da ESO serán valorados os exames nun 60% e o resto: exercicios, traballos de investigación , libreta de clase, presentación de traballos e resto de actividades realizadas dentro e fóra da aula será un 40%.

No resto dos cursos da ESO a ponderación será 70% exames e 30% as actividades dentro e fóra da aula. En Bacharelato, 75% exames e 25% actividades.

7) MINIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Os mínimos esixidos na avaliación extraordinaria de setembro incluírán os contidos básicos incluídos nesta programación, incluíndo a entrega de traballos, comentarios e composicións que sexan esixibles ao longo do propio curso.

Realizaranse actividades de:

- a) Actividades de asimilación: memorización; completar frases, mapas conceptuais e árbores representativas e explicativas; resumo; comprensión; definición.
- b) Actividades de razoamento: bucar causas, por que?; deducir consecuencias; relación causa-efecto; relación xeral; análise (diferenzas); síntese (semellanzas); de aplicación.
- c) Actividades léxicas: vocabulario específico do tema; definición de conceptos, etimoloxías; definición de termos.
- d) Actividades de comentario: interpretación; opinión; comprensión.
- e) Actividades de investigación: investigación xeral; investigación do contorno, fichas.
- f) Técnicas de aprendizaxe: esquemas; cadro sinóptico; cadro comparativo; mapa conceptual; árbore representativa explicativa (ARE); remuíño de ideas.
- g) Actividades creativas
- h) Actividades cartográficas.
- i) Actividades de bibliografía.

- l) Actividades de avaliación: autoavaliación; ficha de avaliación.
- m) Actividades de equipo.
- n) Actividades de ampliación: biografías, consulta en distintas fontes, fichas

Específicamente, nas materia de Xeografía de 2º Bacharelato, a obtención dunha avaliación positiva na avaliación ordinaria estará supeditada, ademais das probas pertinentes de avaliación, á entrega efectiva de todos os traballos e/ou composicións de texto que se deban realizar na Aula Virtual da materia.

8) PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

No inicio de cada avaliación poñeranse a disposición do alumnado o os temas teóricos, traballos e exercicios para preparar.

O Departamento determinará unha hora semanal para a atención ó alumnado con materias de cursos anteriores, que coincidirán, neste curso, cos recreos do martes e mércores.

Estas dúas sesións semanais adícanse ó repaso da materia e a facilitar material para a preparación dos exames para alumnado coa materias do Departamento suspensas.

A materia será dividida en dúa partes e serán tres os exames; os dous primeiros para as dúas mitades da materia e o terceiro para recuperar a materia suspensa.

9) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Existindo diferencias nas capacidades do alumnado o Departamento de Xeografía e Historia articulará as medidas necesarias para que todo o alumnado poda conseguir os obxectivos mínimos da cada etapa. establecerá medidas de atención á diversidade, que son as adaptacións curriculares e o reforzo educativo, en todos os cursos que sexa necesario e adaptándose á orde do 6 de outubro de 1995

O profesorado da materia fará as adaptacións necesarias para que cada alumno ou alumna poda acadar estes mínimos. Tratarase de facer as medidas de reforzo específicas para cada alumno ou alumna e, si é necesario e previo informa do Gabinete de Orientación as adaptacións curriculares pertinentes tanto adaptando o material didáctico, a metodoloxía, actividades adaptadas ou grupos flexibles.

Organizaranse tamén programas de recuperación, para o alumnado que promocióne con materias suspensas sempre e cando exista profesorado e dispoña de horas lectivas

En relación ó con necesidades educativas especiais, que pola súa especificidade supoñan a existencia de diferenzas significativas no acceso ordinario ó currículo e, polo tanto, requiran de apoios e atencións educativas específicas, arbitraranse a atención personalizada necesaria e a adaptación que sexa preciso.

10 CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACION DIDACTICA DO DEPARTAMENTO

Os criterios para avaliar a programación didáctica do departamento terán en conta os seguintes aspectos:

- a) A adecuación ao contexto no que se realiza a programación e a conveniencia de calquera readaptación.
- b) O correcto ou incorrecto emprego dos actuais criterios de avaliación do alumnado.
- c) A valoración e ponderación dos distintos instrumentos de avaliación propostos de cara a unha posible revisión futura.
- d) As suxestións realizadas polo equipo docente en cada sesión de avaliación, cunha atención particular a cada caso individual ou concreto.
- e) O grao de consecución dos obxectivos iniciais plantexados en cada nivel educativo.

ESO
1º CURSO

1º CURSO ESO

CONTIDOS

1º de ESO

Incluirase unha primeira parte de mapas na programación.

Tema 9. A prehistoria: Os primeiros seres humanos, O Paleolítico, O Neolítico, A Idade dos Metais, A arte

Tema 10. As primeiras civilizacións: Mesopotamia e Exipto: cultura economía, sociedade e arte.

Tema 11. O mundo grego: O nacemento do mundo grego, as polis, as colonizacións gregas, a democracia, o helenismo

Tema 12. O imperio romano: As orixes, a Republica, o Imperio romano, a crise do Imperio romano

Tema 13. Hispania romana e prerromana: Invasións e colonizacións, iberos e celtas, a conquista romana de Hispania, o legado de Roma

Tema 14. A herdanza da cultura clásica: a relixión e arte

Tema 15. A fragmentación do mundo antigo: Os reinos xermánicos, O Imperio bizantino (476-1453), A Hispania visigoda

Tema 16. Galicia na antigüidade

Tema 1. A terra, planeta do sistema solar: rotación e translación

Tema 2. A representación da terra: os mapas: latitude e a lonxitude, A representación da Terra, Coñecemento da xeografía física e humana do territorio

Tema 3. As formas da terra: da formación do relevo, de montañas e chairas, penínsulas e golfos

Tema 4. 5. Ríos e mares: A agua na natureza, O problema da agua

Tema 6.7. Climas e paisaxes da terra: Zona cálida: paisaxe ecuatorial, tropical e desértica. Zonas temperadas: paisaxe oceánica, paisaxe mediterránea, paisaxe continental. Zonas frías: paisaxe polar e paisaxe de alta montaña

Tema 8. Sociedade e medio natural:ecosistema, Riscos naturais e riscos provocados pola acción humana, O medio ambiente urbano, A explotación dos recursos naturais. o desenvolvemento sostible

DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

Serán divididos os temas segundo as avaliacións:

1ª Avaliación: Temas do 9 ó 12

2ª Avaliación: Temas do 13 ó 16

3ª Avaliación: Temas do 1 ó 8

PROCEDEMENTO DA AVALIACIÓN

A cualificación terá en conta as probas escritas e as actividades de clase.

A probas escritas serán realizadas cada uno ou dous temas.

Nas actividades de clase, valorarase:

- Puntualidade na presentación dos traballos e exercicios.
- Esfuerzo e traballo.
- Caderno de clase no que se reflecten as tarefas diarias completas e ordenadas.
- Actividades complementarias.
- Control das actividades propostas para casa no prazo e condicións fixadas.
- Participación activa en clase tanto nas en postas en común e debates sobre lecturas e traballos.
- Realización de traballos de ampliación.
- Asistencia e actitude participativa na aula

PROBA DE SETEMBRO

A proba de setembro de ESO constará de dúas partes: unha, un traballo en relación cos contido mínimos do programa e outra a proba escrita.

ACTIVIDADES ESPECÍFICAS PARA A SECCIÓN PLURILINGÜE

O ensino das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia en 1º e 2º ESO (grupos plurilingües) axustarase á programación vixente do departamento de Ciencias Sociais do IESP Xosé Neira Vilas, se ben neste caso o alumnado recibirá a documentación en lingua francesa preparada polo propio departamento -e

accesible habitualmente no espazo reservado no "blog de Xosé Antón" (xosea.wordpress.com)- ao respecto. Asimesmo, o alumnado contará coa parte da documentación avaliable en formato escrito e fotocopiabile.

Os obxectivos en 1º ESO -dado o nulo coñecemento que o alumnado posúe da lingua francesa- serán restrinxidos e para a avaliación dos mesmos teranse en conta a realización de tarefas de aula -guiadas polo profesorado- e probas escritas que comezarán sendo dirixidas e irán ampliando dificultades ao longo do curso, podendo chegar a realizar brevísimas exposicións orais no derradeiro trimestre do curso académico.

ESO
2º CURSO

2º CURSO ESO

CONTIDOS

Tema 1. O Islam e Al-Andalus: A aparición do Islam: A expansión Al-Andalus, Cultura e arte islámicas

Tema 2. A Europa feudal : SOCIEDADE, ECONOMÍA E ARTE ROMANICA

Tema 3. A cidade medieval: As actividades urbanas: artesanía e comercio, A sociedade urbana, O afianzamento do poder real, A CRISE, A ARTE GÓTICA

Tema 4. Formación e expansión dos reinos peninsulares: A REPOBOACIÓN, O Románico na Península Ibérica

Tema 5. Os grandes reinos peninsulares: consolidación dos reinos hispánicos, A grande expansión do século XIII, As institucións de goberno, O Gótico na Península Ibérica

Tema 6. Galicia na Idade Media

Tema 7. Renacemento e Reforma; O Humanismo, A Reforma e Contrarreforma; A Arte.

Tema 8. A monarquía autoritaria: Os Reis Católicos, organización económica e social, Humanismo e Arte en España

Tema 9. Os grandes descubrimentos xeográficos: Os pobos precolombinos, Conquista e organización do Imperio americano

Tema 10. O Imperio dos Austrias: Carlos V, Felipe II, Economía e sociedade hispánica , Crise social e económica do século XVII

Tema 11. O século do Barroco: Sociedade e economía no século XVII, A Europa do absolutismo, . A arte Barroca

Tema 12. Galicia na Idade Moderna

Tema 13. Os habitantes do planeta: a distribución, Evolución, 4. A dinámica da poboación: as migracións, A poboación e o traballo

Tema 14. estudio histórico xeográfico da poboación: Evolución da demografía desde o antigo réxime á antigüidade, as migracións históricas

DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

Serán divididos os temas segundo as avaliacións:

1ª Avaliación: Idade Media: Temas do 1 ó 6

2ª Avaliación: Idade Moderna XV e XVI: Temas do 7 ó 10

3ª Avaliación: Idade Moderna XVII e Poboación: Temas do 10 ó 14

PROCEDEMENTO DA AVALIACIÓN

A cualificación terá en conta as probas escritas e as actividades de clase.

A probas escritas serán realizadas cada uno ou dous temas.

Nas actividades de clase, valorarase:

- Puntualidade na presentación dos traballos e exercicios..
- Caderno de clase no que se reflecten as tarefas diarias completas e ordenadas.
- Colaboración nas actividades complementarias.
- Participación activa en clase.
- Control das actividades propostas para casa no prazo e condicións fixadas.
- Participación en clase tanto nas en postas en común e debates sobre lecturas e traballos.
- Realización de traballos de ampliación
- Pequenos proxectos de investigación

PROBA DE SETEMBRO

A proba de setembro de ESO constará de dúas partes: unha, un traballo en relación cos contido mínimos do programa e outra a proba escrita.

ACTIVIDADES ESPECÍFICAS PARA A SECCIÓN PLURILINGÜE

Os grupos plurilingües axustarase á programación vixente do departamento de Ciencias Sociais do IESP Xosé Neira Vilas e recibirán documentación en lingua francesa preparada polo propio departamento -e accesible habitualmente no espazo reservado no "blog de Xosé Antón" (xosea.wordpress.com)- ao respecto. Asimesmo, o alumnado contará coa parte da documentación avaliable en formato escrito e fotocopiado.

En 2º ESO, dado o maior coñecemento e dominio da lingua veicular, os obxectivos competenciais ampliaranse a traballos e exposicións en grupo e Promocionarase a visualización de filmes, pequenos documentais ou

fragmentos de vídeo en lingua francesa, co obxecto de mellorar o rendemento oral e de escoita do alumnado.

ESO

3º CURSO

3º CURSO ESO

CONTIDOS

I O MARCO FÍSICO DAS ACTIVIDADES HUMANAS E COÑECEMENTO XEOGRÁFICO DOS DIFERENTES TERRITORIOS:

EUROPA, ASÍA, AFRICA, AMÉRICA, OCEANÍA

II DEMOGRAFÍA

A POBOACIÓN

1. A DISTRIBUCIÓN E A EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DO MUNDO E DE ESPAÑA.
2. A NATALIDADE NO MUNDO. DESEQUILIBRIOS E PREVISIÓNS.
3. AS MIGRACIÓNS Ó LONGO DA HISTORIA. MIGRACIÓNS DE TRABALLO EN ESPAÑA E EUROPA.
4. AS MIGRACIÓNS NA ACTUALIDADE.

A GLOBALIZACIÓN: OS FENÓMENOS MIGRATORIOS

1. AS MIGRACIÓNS NO TEMPO E NA ACTUALIDADE
2. AS RUTAS E OS EFECTOS DAS MIGRACIÓNS
4. AS MIGRACIÓNS EN ESPAÑA
5. A INMIGRACIÓN ACTUAL EN ESPAÑA E AS SÚAS CONSECUCENCIAS

.

III ECONOMÍA

A AGRICULTURA, A GANDARÍA E A PESCA

1. O SECTOR PRIMARIO. AS ACTIVIDADES AGRARIAS
2. AS PAISAXES AGRARIAS
3. A AGRICULTURA DE SUBSISTENCIA E DE MERCADO
4. A CLIMATOLOXÍA COMO CONDICIONANTE DA PAISAXE AGRARIA: CLIMAS E VEXETACIÓN
5. A GANDARÍA NO MUNDO
6. A PESCA. TIPOS DE PESCA E BANCOS

A ORGANIZACIÓN ECONÓMICA DAS SOCIEDADES

1. O FUNCIONAMIENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA
2. OS FACTORES DA PRODUCCIÓN
3. A ECONOMÍA DE MERCADO
4. OS AXENTES ECONÓMICOS
5. O MERCADO LABORAL

A INDUSTRIA E A ENERXÍA

1. AS MATERIAS PRIMAS
2. AS FONTES DE ENERXÍA TRADICIONAIS E ALTERNATIVAS
5. A INDUSTRIA
6. CLASIFICACIÓN DAS INDUSTRIAS. A EMPRESA INDUSTRIAL
7. O PROCESO E O TRABALLO INDUSTRIAL
8. LOCALIZACIÓN DA INDUSTRIA NO MUNDO

OS SERVIZOS: TURISMO , COMERCIO E TRANSPORTE

1. AS ACTIVIDADES TERCIARIAS
2. O TURISMO E OS SEUS EFECTOS
3. A ACTIVIDADE COMERCIAL
4. O COMERCIO INTERNACIONAL ACTUAL
5. OS TRANSPORTES, REDES E TRANSPORTES TERRESTRES, AEREO E MARÍTIMO

A ECONOMÍA ESPAÑOLA E GALEGA

1. A AGRICULTURA GANDARÍA E PAISAXES AGRARIAS EN ESPAÑA E GALICIA
3. A PESCA EN ESPAÑA E GALICIA
4. ENERXÍA E MINARÍA EN ESPAÑA E GALICIA
5. AS ACTIVIDADES INDUSTRIAIS EN ESPAÑA E GALICIA
6. O SECTOR TERCIARIO EN ESPAÑA E GALICIA

IV XEOGRAFIA URBANA

O ESPAZO URBANO

1. EVOLUCIÓN DA CIDADE A TRAVÉS DO PLANO A GLOBALIZACIÓN E O ESPAZO URBANO
2. DESIGUALDADES TERRITORIAIS E SOCIAIS
3. MORFOLOXÍA URBANA
4. OS NOVOS ESPAZOS E AS GRANDES CIDADES
5. OS PROBLEMAS AMBIENTAIS DAS CIDADES

V ORGANIZACIÓN POLÍTICA E ESPACIO XEOGRÁFICO

A UNIÓN EUROPEA

1. A UNIÓN EUROPEA, CREACION E DESENVOLVEMENTO
3. AS INSTITUCIÓN DA UNIÓN EUROPEA
4. A POLÍTICA AGRARIA E PESQUEIRA
5. OS GRANDES EIXES INDUSTRIAIS DA UNIÓN EUROPEA
6. OS SERVIZOS, O COMERCIO E AS COMUNICACIÓN NA UNIÓN EUROPEA

ORGANIZACIÓN POLÍTICA E TERRITORIAL DE ESPAÑA

1. A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DE ESPAÑA
2. A SOCIEDADE ESPAÑOLA

VI TRANSFORMACIÓN E DESEQUILIBRIOS NO MUNDO ACTUAL

A GLOBALIZACIÓN: CARA A UN SISTEMA MUNDIAL

1. TECNOLOXÍA, COMUNICACIÓN E GLOBALIZACIÓN
2. GLOBALIZACIÓN E DESIGUALDADE
3. CAUSAS DA DESIGUALDADE NUN MUNDO GLOBALIZADO

NATUREZA E SOCIEDADE: HARMONÍAS, CRISES E IMPACTOS

1. AS RELACIÓN ENTRE NATUREZA E SOCIEDADE
2. OS IMPACTOS AMBIENTAIS: A AUGA, O AIRE E A VEXETACIÓN

5. A XESTIÓN DOS RESIDUOS E O DESENVOLVEMENTO SOSTENIBLE

DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

Serán divididos os temas segundo as avaliacións:

1ª Avaliación: Marco físico e Demografía: Apartados I e II

2ª Avaliación: Economía, Climas e Fontes de Enerxía: Apartado III

3ª Avaliación: Xeografía urbana, Organización política e espazo xeográfico, transformacións e desequilibrios no mundo actual: Apartados IV, V e VI

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

Serán ferramentas de aula, mapas, textos, gráficos ou climogramas. Dispoñeráse a lectura tamén de novelas con tema xeográfico así como filmes. Os medios de comunicación tanto escritos como falados empregaranse na aula para desenvolver capacidades de comprensión e análise crítica. Tamén recurrirase ás fontes orais, especialmente no apartado de Demografía e movementos migratorios. Fomentarase o coñecemento do urbanismo a través de visitas e estudo dos plans urbanísticos do entorno. Potenciarase o uso de internet e a realización de traballos con presentacións en ordenador.

- Resumos de textos
- Realización de citas bibliográficas
- Análise e comentario de textos: informes, noticias de prensa,
- Análise e comentario de graficas e pirámides de poboación
- Visionado e comentario de películas
- Traballo con fontes orais: entrevista a un emigrante e inmigrante.
- Asistencia e organización de conferencias: urbanismo, emigración...
- Preparación de visita á cidade de Santiago/A Coruña/Oleiros
- Análise e comentario de climogramas
- Lectura e análise de poemas e libros
- Lectura de textos e poemas sobre emigración: Galicia/ América
- Realización de informes sobre temas de actualidade
- Exposición en alto de traballos
- Traballo de investigación con fontes escritas
- Lectura e análise de noticias de política internacional

PROBA DE SETEMBRO

A proba de setembro de ESO constará de dúas partes: unha, un traballo en relación cos contido mínimos do programa e outra a proba escrita.

3º ESO. SECCIÓN PLURILINGÜE

A programación xeral da asignatura *Ciencias Sociais, Xeografía e Historia* de 3º ESO coincide nas liñas xerais coa programación xeral da materia, seguindo especificamente todos os seus apartados salvo canto á consideración de que se utilizará expresamente a lingua francesa (tanto de xeito oral como escrito) para profundizar no coñecemento da materia con actividades propostas na lingua natural da *Section Plurilingue*, e tendo como apoio fundamental para o traballo na aula as actividades e ligazóns propostas no blogue xosea.wordpress.com.

ESO
4º CURSO

4º CURSO ESO

CONTIDOS

Tema 1. O século XVIII: a crise do antigo réxime: A sociedade estamental, O pensamento ilustrado, A quebra do absolutismo, O SÉCULO XVIII en España: os Borbóns, Galicia no século XVIII

Tema 2. . Liberalismo e nacionalismo: a Revolución francesa, O Imperio napoleónico, Restauración, liberalismo e nacionalismo, As revolucións liberais e nacionalismos

Tema 3. A industrialización das sociedades europeas: A nova sociedade industrial, Marxismo, anarquismo e internacionalismo

Tema 4. A España do século XIX: a construción dun réxime liberal: A crise do antigo réxime (1808-1814), Independencia das colonias americanas (1808-1826), A revolución liberal (1833-1843), a etapa isabelina: o liberalismo moderado (1843-1868), Sexenio Democrático (1868-1874), A Restauración monárquica (1874-1898)

Tema 5. Industrialización e sociedade na España do século XIX: poboación cambios na agricultura e cambios coa industrialización, Movemento obreiro: anarquismo e marxismo

Tema 6. A época do imperialismo: causas, Conquista, organización e explotación das colonia consecuencias da colonización, Primeira Guerra Mundial

Tema 7. Arte do século XIX: movemento romántico, Realismo, Impresionismo, Modernismo

Tema 8. O período de entreguerras (1919-1939): A Revolución rusa, os felices anos 20, “crack” do 29, O fascismo italiano, nazismo en Alemaña

Tema 9. Tempos de confrontación en España (1902-1939): O declive da quenda dinástica (1898-1917), Crise da Restauración e dictadura (1917-1931), O Bienio Reformista (1931-1933), O Bienio Conservador e a fronte Popular (1933-1936), A Guerra CIVIL (1936-1939),

Tema 10. A II Guerra Mundial e as súas consecuencias: Causas e contendentes da Segunda Guerra Mundial, desenvolvemento do conflito (1939-1945), consecuencias da guerra, Guerra Fría e coexistencia pacífica, A fin dos imperios coloniais, Descolonización e Terceiro Mundo

Tema 11. Un mundo bipolar: Capitalismo, socialismo e crisis

Tema 12. España durante o franquismo

Tema 13. España en democracia

Tema 14. A Unión Europea: O proceso de construción, As institucións europeas e as políticas comúns da Unión Europea

Tema 15. O mundo actual: Conflitos no mundo actual, a globalización, Un mundo desigual

Tema 16. A arte do século XX: primeiras vangardas do século XX

SECCION BILINGÜE

contenus :

1. L a chute de l'ancien regime. (tema 1)
2. La revolution industrielle. liberalisme, nationalisme. mouvement ouvrier. (temas 2 e 3)
3. L'Espagne au xixe siecle. (temas 4 e 5)
4. L'imperialisme. (tema 6)
5. Les fascismes. la revolution sovietique.(tema 8)
6. L 'Espagne au debut du xxe siecle. iie republique et franquisme. (temas 9 e 12)
7. L 'art contemporain. (temas 7 e 16)
8. La politique et l'ordre economique a la 2e moitie du xxe siecle. (temas 8 e 10)
9. L'Espagne a la fin du xxe siecle. (tema 15)
10. La construction de l'union europeenne. (tema 14)
11. L a chute de la urss et le nouveau ordre mondial. (tema 15)

3º ESO. SECCIÓN BILINGÜE

A programación xeral da asignatura *Ciencias Sociais, Xeografía e Historia* de 3º ESO coincide nas liñas xerais coa programación xeral da materia, e terá como apoio fundamental para o traballo na aula as actividades e ligazóns propostas no blogue xosea.wordpress.com. e as actividades de docencia contempladas na páxina: <http://roble.pntic.mec.es/cgee0016/4esohistoria/>

DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

Serán divididos os temas segundo as avaliacións:

1ª Avaliación: Século XIX: Temas do 1 ó 5

2ª Avaliación: 1º metade do século XX: Temas do 6 ó 10

3ª Avaliación: 2º metade do século XX I: Temas do 11 ó 16

SECCIÓN BILINGÜE

A programación e secuencias pedagóxicas da sección bilingüe estarán incluídas nunha aula virtual específica, e serán temporalizadas do seguinte xeito:

1ª Avaliación : Temas 1 a 4.

2ª Avaliación : Thèmes 5 a 7.

3ª Avaliación : Thèmes 8 a 11.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

A nota da avaliación será a suma de todo o realizado dentro e fora da aula, tanto das probas escritas como os exercicios e traballos realizados ó longo do curso.

- Realización de exercicios.
- Selección de información.
- Resumos
- Actividades de reforzo.
- Interpretación e análise de datos e gráficas.
- Actividades de recollida de información escrita e oral
- Exposición oral das conclusións das investigacións.
- Realización de probas escritas e orais.
- Elaboración de conclusións e proxectos
- Realización de debates na aula
- Realización de mapas conceptuales
- Exercicios de aplicación de coñecementos
- Exercicios de análise

- Traballos de investigación fora da aula, no entorno da alumnado
- Actividades de autoavaliación
- Análises críticas de textos e probas escritas

Os criterios de avaliación terán en conta o traballo realizado na aula, o nivel de cada alumno, o interese prestado na aula por mellorar e evolucionar nos seus coñecementos e a adquisición de ferramentas para valorar o aprendido e os erros cometidos

PROBA DE SETEMBRO

A proba de setembro de ESO constará de dúas partes: unha, un traballo en relación cos contidos mínimos do programa e outra a proba escrita.

SECCIÓN PLURILINGÜE

A programación xeral da asignatura *Ciencias Sociais, Xeografía e Historia* de 4º ESO coincide nas liñas xerais coa programación xeral da materia, seguindo especificamente todos os seus apartados salvo canto á consideración de que se utilizará expresamente a lingua francesa (tanto de xeito oral como escrito) para profundizar no coñecemento da materia con actividades propostas na lingua natural da *Section Plurilingue*, e tendo como apoio fundamental para o traballo na aula as actividades e ligazóns propostas no blogue xosea.wordpress.com.

**1º BACHARELATO
HISTORIA DO MUNDO
CONTEMPORÂNEO**

1º BACHARELATO

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

CONTIDOS E DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

Bloques temáticos

1. **Do Liberalismo ao Neoliberalismo** (*Film: "Too big to fail"*)
 1. As bases do liberalismo político: Locke, a Ilustración.
 2. As revolucións liberais: 1789, 1820, 1830,...
 3. O liberalismo económico: *laissez faire, laissez passer / fisiocracia / o liberalismo no imperialismo / a crise de 1929.*
 4. O pensamento económico neoliberal: a busca do *Estado mínimo*.
2. **Burguesía e clase media** (*Film: "A familia"*)
 - A situación da burguesía no Antigo Réxime.
 - A burguesía loita polo poder: Revolución Francesa (1789-1799): xirondinos e xacobinos.
 - A burguesía comercia co mundo: o desenvolvemento económico da Europa da segunda revolución industrial.
 - O crecemento da clase media: os *trinta gloriosos*.
 - A clase media en crise. Acentuación dos contrastes socioeconómicos de clase no século XXI.
3. **Revolución Industrial e movemento obreiro** (*Film: "Xerminal"*)
 - A Primeira Revolución Industrial.
 - O proletariado. Primeiras ideoloxías: ludismo, socialismo utópico...
 - O socialismo científico.
 - O anarquismo.
 - A revolución soviética.
 - O asociacionismo internacional obreiro nos séculos XIX e XX.
4. **Imperialismo, descolonización e neocolonialismo** (*Film: "Invictus"*)
 - O imperialismo antes da Primeira Guerra Mundial.
 - A descolonización.
 - A "descolonización interna": o apartheid sudafricano.
 - O neocolonialismo.
5. **Un mundo en guerra** (*Film: "Sendeiros de gloria"*)
 - Primeira Guerra Mundial.
 - Segunda Guerra Mundial.
 - Guerra fría.
 - Conflitos actuais.
6. **Autoritarismos e totalitarismos** (*Film: "Vincere"*)
 - O imperio napoleónico.
 - Fascismo e nazismo.
 - Estalinismo.
 - As ditaduras da guerra fría.
 - Autoritarismo no século XXI.
7. **As grandes potencias contemporáneas** (*Film: "O último emperador"*)
 - O imperio británico no século XIX.

- Estados Unidos, a superpotencia.
- A URSS, do nacemento ao ocaso (1917-1991).
- China emerge.

8. **Continuous change** (Film: “Criadas e señoras”)

- Novos movementos sociais: feminismo e ecoloxismo.
- Globalización e antiglobalización.
- Xeopolítica actual: as institucións que deciden (ONU, G8, G20,...) e os *buratos negros* do sistema (escravitude e explotación, narcotráfico, paraísos fiscais,...).

Sen recomendar explicitamente libro de texto algún, consígnase que os contidos da materia estarán dispoñíbeis nas ligazóns de *O blog de Xosé Antón (Hª do Presente)* e na aula virtual de *Historia do Presente, 1º Bacharelato*, do IES Plurilingüe Neira Vilas.

CRITERIOS E PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

O método de avaliación insistirá na participación de aula e traballo diario; incluírá:

- varios exames por avaliación, nos que a base serán os comentarios e composicións de texto (50% da cualificación final);
- exposicións orais e entrega de traballos (composicións de texto, redaccións, traballos en grupo e individuais) na aula virtual e participación activa na aula -realizando as tarefas que inclúen visionado e comentario de filmes, ademáis da lectura dos libros propostos (estes apartados representarán o restante 50% da cualificación final). En cada avaliación, o alumnado someterase a unha autoavaliación que se engadirá a este apartado de “exposicións orais e entrega de traballos...”, isto é, formando parte do 50% da cualificación final de cada avaliación, para o que se plantexa unha ficha-modelo como a que sigue:

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

No **exame extraordinario de setembro** consideraranse contidos mínimos a avaliar os expresados na programación da materia. A proba axustarase ao modelo establecido ao longo do curso académico, ofrecendo 2 opcións pechadas (a elexir 1).

Poderase decidir a recuperación parcial ou mediante métodos alternativos (presentacións orais, realización de composicións de texto, redacción de temas específicos,...) para o alumnado que acade na avaliación de xuño a cualificación mínima de 4.

**2º DE BACHARELATO
HISTORIA DE ESPAÑA**

2º DE BACHARELATO

HISTORIA DE ESPAÑA

CONTIDOS

As raíces históricas da España contemporánea.

-As pegadas das primeiras culturas e da dominación romana na Península.

-Pluralidade política e cultural da Península na Idade Media: Al-Ándalus e os reinos cristiáns. Formas de vida e intercambio cultural. A ocupación do territorio e consecuencias socioeconómicas. Trazos da Galicia feudal.

-Formación da monarquía hispánica. Castela á cabeza dun imperio: a pervivencia das particularidades dos reinos, con especial atención ao Reino de Galicia.

-Expansión ultramarina e creación do imperio colonial. O impacto da colonización.

-Trazos económicos, sociais e políticos do Antigo Réxime. A política centralizadora dos Borbóns. O reformismo ilustrado. Galicia no Antigo Réxime.

Quebra da monarquía absoluta.

-Guerra e revolución: a guerra contra os franceses e o seu impacto en Galicia. A obra de Cádiz: os decretos e a Constitución de 1812.

-O reinado de Fernando VII: absolutismo fronte a liberalismo.

-Independencia das colonias americanas.

-Construción e evolución do Estado liberal burgués.

-Reinado de Isabel II: dominio do liberalismo moderado. A guerra carlista e acceso ao poder dos liberais. Grupos políticos e papel do exército. Inestabilidade política e institucional.

-Significado do Sexenio: intentos democratizadores. Da revolución ao ensaio republicano.

-O réxime da Restauración: características e funcionamento do sistema canovista. A oposición ao réxime. Guerra colonial e crise de 1898. Intentos de modernización e crise do sistema. Conflitividade social e problema de Marrocos.

-O Estado nación español e os nacionalismos alternativos. Evolución do galeguismo.

Transformacións económicas e cambios sociais no século XIX e primeiro terzo do século XX.

-Transformacións na agricultura e desamortizacións. Características e consecuencias da desamortización en Galicia e trazos de modernidade na agricultura.

-Debilidade e fragmentación do desenvolvemento industrial. Modernización dos transportes: o ferrocarril. Emerxencia do sistema financeiro. Debilidade do mercado nacional. Desindustrialización e novos sectores en Galicia.

-Evolución demográfica. Os movementos migratorios. Efectos da emigración en Galicia.

-Transformacións sociais: a sociedade de clases. Novos grupos dominantes: oligarquías e clases medias. O movemento obreiro e as organizacións campeciñas. O agrarismo na Galicia caciquil. Situación da muller e movementos feministas.

-A quebra do sistema liberal: ditadura e democracia.

-O contexto internacional de entreguerras. A ditadura de Primo de Rivera.

-A Segunda República. A Constitución de 1931: principios e institucións dunha democracia avanzada. O voto feminino. Política de reformas e polarización social. O nacionalismo vasco, catalán e galego.

-Os gobernos republicanos. Confrontación política e revoltas sociais. As reaccións antidemocráticas.

Guerra civil e ditadura franquista.

-Sublevación militar e guerra civil. Dimensión política e internacional do conflito. Evolución das dúas zonas: revolución social e conflitos na zona republicana; a formación do estado franquista.

-O franquismo da posguerra: bases ideolóxicas e sociais. Autarquía e illamento internacional. A resistencia da guerrilla.

-A consolidación do réxime. Crecemento económico e transformacións sociais. Emigración a Europa. A oposición no interior e no exilio.

-Elementos de cambio na etapa final do franquismo. A sociedade civil e a oposición ao réxime.

-A vida cotiá no franquismo. O seu impacto en Galicia.

A España actual.

-O proceso de transición á democracia, logros e limitacións. A Constitución de 1978: principios e institucións democráticas. O proceso autonómico e o Estatuto de autonomía de Galicia.

-Os gobernos democráticos. Cambios sociais, económicos, lexislativos e culturais. A construción do Estado de benestar.

- Galicia e España na Unión Europea. O papel de España no contexto internacional.
- Problemas e perspectivas actuais.

DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

Ao longo do curso, o profesor utilizará como referencia o libro de texto de Vicens vives.

A materia desenvolverase mediante as explicacións mediante presentacións específicas. elaboradas polo propio profesorado e outras escollidas especificamente da web slideshare.net.

Ao longo do curso académico impartiranse 12 unidades, conforme ao programa oficial que figura no DCB de Bacharelato da Xunta de Galicia. O temas de *As raíces históricas de España* seran impartidas no terceiro trimestre.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

Realizaranse dous exames de valoración en cada avaliación: ambos terán como modelo os exames de selectividade, coa elaboración de composicións de texto sobre un tema proposto, incluíndo todo tipo de documentos escritos, gráficos, fotográficos, etc

Ao longo de cada avaliación o alumnado realizará varias prácticas sobre composicións de texto de cara á preparación dos exames de Selectividade.

Para lograr o aprobado na materia é obrigatoria a entrega de todas as actividades de aula virtual inicialmente previstas polo profesor, de xeito que a non entrega das mesmas supón o suspenso da avaliación.

Ao final de cada avaliación, o alumnado que non lograra aprobar a materia deberá realizar a pertinente recuperación.

2º BACHARELATO GEOGRAFIA

2º BACHARELATO XEOGRAFÍA

NATUREZA E MEDIO NATURAL EN ESPAÑA

-España: situación dos seus territorios e implicacións xeográficas. Elementos de unidade e diversidade.

-A diversidade do medio físico: as grandes unidades morfoestruturais do relevo. O litoral. Climaxes e vexetación en Galicia e España. Hidrografía, problemas e xestión da auga.

-Dinámicas ecoxeográficas e grandes medios naturais en España. A diversidade interna galega.

-Riscos e problemas ambientais e a súa relación coa actividade humana. A política ambiental en Galicia e en España no contexto da Unión Europea.

TERRITORIO E ACTIVIDADES ECONÓMICAS

-Aproveitamento económico dos recursos: minaría, fontes de enerxía e recursos mariños. Políticas de desenvolvemento sustentable.

-Os espazos agrarios: factores, dinámicas recentes e procesos de transformación no marco europeo. O exemplo galego. As paisaxes agrarias.

-Os espazos industriais: unha distribución desequilibrada. Globalización, políticas de emprego e tendencias actuais na industria galega e española. As paisaxes industriais.

-Os espazos de servizos: diversidade interna e terciarización da economía española. Redes de transporte e vertebración territorial: as conexións de Galicia co exterior. Os espazos turísticos: factores, tipoloxía e impacto. Os espazos comerciais e os fluxos de poboación.

POBOACIÓN E URBANIZACIÓN

-A poboación: a súa distribución. A dinámica e políticas demográficas.

-Migracións. Do pasado emigratorio a un presente de inmigración. Fluxos migratorios, factores explicativos, consecuencias e políticas de inmigración.

-Estrutura da poboación: expectativas de futuro. A posición da muller respecto do mercado laboral e a súa plena integración social.

-Novas realidades e procesos de expansión urbanas: metropolización e cidade difusa. O recente crecemento urbano e as súas implicacións territoriais. Estrutura e morfoloxía urbanas. Problemas, xestión e planeamento urbanas.

-O sistema urbano español: distribución e xerarquía. A especificidade galega: o papel das vilas. Permanencia e cambio no mundo rural.

A ORGANIZACIÓN POLÍTICO-ADMINISTRATIVA ESPAÑOLA, CONTRASTES E POLÍTICAS REXIONAIS

-O proceso de construción do estado español e o debate territorial. Diferentes criterios de rexionalización e organización político-administrativa actual. Outras entidades territoriais: comarcas e parroquias en Galicia.

-Os contrastes rexionais e intrarrexionais. Posición relativa no contexto europeo.

-As políticas rexionais e de cohesión na UE e o seu impacto en Galicia e en España. As eurorrexións: Galicia-Norte de Portugal.

-A ordenación territorial como intervención global: concepto e situación en España. A ordenación territorial en Galicia.

ESPAÑA EN EUROPA E NO MUNDO

-Contrastes físicos e socioeconómicos en Europa. Posición española na UE. A situación periférica de Galicia: o Arco Atlántico.

-Áreas xeoeconómicas e xeopolíticas mundiais. España nun mundo globalizado.

-Galicia no contexto mundial: a Galicia exterior. A particular relación con América Latina.

DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

Ao longo do curso, o profesor utilizará como materiais de referencia os elaborados polo grupo de traballo de Xeografía para o Bacharelato a Distancia editados polo IES San Clemente de Santiago de Compostela e refeitos e adaptados a nova estrutura da proba de acceso á Universidad.

A materia desenvolverase mediante as explicacións mediante presentacións específicas elaboradas polo propio profesorado e outras escollidas especificamente da web slideshare.net.

Ao longo do curso académico impartiranse 12 unidades, conforme ao programa oficial que figura no DCB de Bacharelato da Xunta de Galicia

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

O curso dividirase en 3 avaliacións, nas que se realizarán, en cadansúa, 2 exames parciais que conlevarán o 75% da cualificación final da mesma, mentres que o 25% restante equivalerá á realización de traballos e actividades a entregar mediante a súa entrega a través de aula virtual.

Para lograr o aprobado na materia é obrigatoria a entrega de todas as actividades de aula virtual inicialmente previstas polo profesor, de xeito que a non entrega das mesmas supón o suspenso da avaliación.

Ao final de cada avaliación, o alumnado que non lograse aprobar a materia deberá realizar a pertinente recuperación.

No exame extraordinario de setembro valorarase exclusivamente a realización do mesmo, tendo en conta que os mínimos establecidos son os correspondentes aos contidos da materia.

PROXECTO LECTOR

Na materia de Xeografía fomentarase a lectura de artigos críticos e específicos

-como os seleccionados por José Miguel Viñas en www.divulgamete.es,

ademáis doutros -moitas veces relacionados coa literatura de viaxes-

recopilados polo profesor no seu blog (xosea.wordpress.com).

HISTORIA DA ARTE

2º BACHARELATO

1.

HISTORIA DA ARTE DE

2.º DE BACHARELATO

– CONTIDOS

– Contidos comúns

- A arte como expresión humana no tempo e no espazo: significado da obra de arte.
- Aplicación dun método de análise e interpretación de obras de arte significativas en relación cos estilos e artistas relevantes.
- Emprego dunha linguaxe técnica axeitada.
- A obra artística no seu contexto histórico. Función social da arte nas diferentes épocas: artistas, mecenas e clientes. As mulleres artistas e as mulleres na arte.
- A peculiaridade da linguaxe plástica e visual: materiais, técnicas e elementos formais. Importancia da linguaxe iconográfica.
- Elaboración de valoracións críticas e persoais sobre obras de arte concretas de diferentes períodos estilísticos, considerando o contexto en que foron creadas.
- Realización de traballos de investigación relativos a diferentes aspectos da historia da arte, seleccionando e empregando información procedente de diversas fontes.
- Actitude activa fronte á conservación do patrimonio artístico e o seu coñecemento, así como ante a súa transmisión ás demais persoas do contorno.
-

1. Aproximación á Historia da Arte e ás técnicas artísticas

- 1.1. Función social da arte.
- 1.2. A linguaxe arquitectónica.
- 1.3. A linguaxe escultórica.
- 1.4. A linguaxe pictórica.
- 1.5. Artes decorativas e visuais.
- 1.6. Medios visuais de comunicación.
- 1.7. O patrimonio artístico.
- 1.8. Os museos.
- 1.9. Conservación e restauración de obras artísticas.

2. Arte prehistórica

- 2.1. Referentes históricos.
 - 2.2. Xeografía e cronoloxía.
 - 2.3. A arquitectura megalítica.
 - 2.4. A escultura e a arte mobiliarias.
 - 2.5. A pintura parietal.
 - 2.6. A cerámica.
 - 2.7. A Idade dos Metais. A arte ibera.
- Fichas: Altamira. Venus de Willendorf.

3. Arte exipcia

- 3.1. Referentes históricos.
- 3.2. Xeografía e cronoloxía.
- 3.3. Características xerais.
- 3.4. A arquitectura: tumbas e templos. As tumbas. Os templos.
- 3.5. O hieratismo na escultura.
- 3.6. A pintura exipcia: unha arte funeraria.
- 3.7. Artes decorativas e suntuarias.

4. Arte do próximo Oriente

- 4.1. Referentes históricos.
- 4.2. Xeografía e cronoloxía.
- 4.3. Mesopotamia. A arquitectura: templos, palacios e tumbas. A escultura. Artes suntuarias.
- 4.4. Arte da Persia aqueménide. A arquitectura: palacios e hipoxeos.
- 4.5. A arte fenicia.

5. Arte clásica: Grecia

- 5.1. Referentes históricos.
- 5.2. Xeografía e cronoloxía.
- 5.3. Características xerais.
- 5.4. Antecedentes: a arte cretomicénica. Arte cretense ou minoica. Arte micénica.
- 5.5. Urbanismo: a construción da democracia.
- 5.6. Arquitectura: a orde e a razón. Estilos arquitectónicos. Arquitectura relixiosa. Arquitectura civil.
- 5.7. Escultura: un ideal de beleza. Período xeométrico. Escultura monumental. Período arcaico. Período clásico. Período helenístico.

- 5.8. Cerámica: a testemuña pictórica.
- 5.9. O mosaico: unha nova técnica.

- 6. Arte clásica: Roma
 - 6.1. Referentes históricos.
 - 6.2. Xeografía e cronoloxía.
 - 6.3. A Arte etrusca como antecedente. Referentes históricos. A arquitectura etrusca. O realismo escultórico. A pintura funeraria.
 - 6.4. Arte romana: Características xerais.
 - 6.5. Urbanismo e arquitectura: a homoxeneización do Imperio. Tipoloxías arquitectónicas. Materiais.
 - 6.6. Realismo e idealismo da escultura romana.
 - 6.7. A decoración pictórica.
 - 6.8. O detallismo do mosaico.
 - 6.9. Arte paleocristiá ou tardo-romana. A arquitectura ao servizo do culto. A cristianización das imaxes.

- 7. Arte bizantina
 - 7.1. Referentes históricos.
 - 7.2. Xeografía e cronoloxía.
 - 7.3. Características xerais.
 - 7.4. Arquitectura: a basílica bizantina.
 - 7.5. O delicado traballo do marfil.
 - 7.6. A riqueza decorativa do mosaico e da pintura.

- 8. Arte islámica e mudéxar
 - 8.1. Referentes históricos.
 - 8.2. Xeografía e cronoloxía.
 - 8.3. Características xerais.
 - 8.4. O decorativismo da arquitectura islámica. Arquitectura relixiosa. Arquitectura civil.
 - 8.5. A arte mudéxar: Referentes históricos.
 - 8.6. Xeografía e cronoloxía.
 - 8.7. Características xerais.
 - 8.8. A diversidade da arquitectura mudéxar. Mudéxar castelán-leonés. Mudéxar toledano. Mudéxar aragonés. Mudéxar andaluz.

- 9. Arte prerrománica

- 9.1. Referentes históricos.
- 9.2. Xeografía e cronoloxía.
- 9.3. Características xerais.
- 9.4. O prerrománico europeo.
- 9.5. A península ibérica. A arte asturiana. Arquitectura. escultura, pintura e ourivaría. A arte mozárabe

10. Arte románica

- 10.1. Referentes históricos.
- 10.2. Xeografía e cronoloxía.
- 10.3. Características xerais.
- 10.4. A arquitectura ao servizo de Deus. Catedrais e igrexas. Os conxuntos monacais. O carácter defensivo da arquitectura civil.
- 10.5. As imaxes da escultura.
- 10.6. A pintura como imaxe sagrada.

11. Arte gótica

- 11.1. Referentes históricos.
- 11.2. Xeografía e cronoloxía.
- 11.3. Características xerais.
- 11.4. Cidade e arquitectura. Gótico setentrional ou francés. Gótico meridional ou cisterciense. Edificios civís.
- 11.5. A humanización da escultura.
- 11.6. A diversidade pictórica.

12. Arte renacentista

- 12.1. Referentes históricos.
- 12.2. Xeografía e cronoloxía.
- 12.3. Características xerais.
- 12.4. Urbanismo e arquitectura. Urbanismo ideal; urbanismo de xardíns. A nova formación dos edificios relixiosos. O pazo do príncipe. As vilas. Outras tipoloxías urbanas.
- 12.5. A escultura: do clasicismo ao manierismo.
- 12.6. A pintura: da norma á antinorma. A pintura renacentista en España. O Renacemento nórdico.

13. Arte barroca

- 13.1. Referentes históricos.
- 13.2. Xeografía e cronoloxía.

13.3. Características xerais. Barroco. Rococó.

13.4. Barroco: urbanismo e arquitectura. Urbanismo: da cidade papal á cidade do Rei. O pazo: da realeza á nobreza. A igrexa, entre a liturxia e a especulación espacial.

13.5. O movemento: un novo concepto escultórico. Bernini como modelo. Exuberancia e intimismo da escultura rococó.

13.6. A pintura: do naturalismo ao rococó. Tendencias artísticas do século XVII. Continuidade e ruptura na pintura rococó.

14. Neoclasicismo E Romanticismo

14.1. Referentes históricos.

14.2. Xeografía e cronoloxía.

14.3. Neoclasicismo: características xerais.

14.4. Un retorno aos modelos arquitectónicos da antigüedad clásica.

14.5. A idealización da escultura.

14.6. A orde e a frialdade da pintura neoclásica.

14.7. Goya.

14.8. Romanticismo: características xerais.

14.9. Realidade e exotismo pictórico.

15. Do Realismo ao Modernismo

15.1. Referentes históricos.

15.2. Xeografía e cronoloxía.

15.3. O urbanismo: entre a realidade e a utopía.

15.4. A arquitectura: recuperación do pasado e novos materiais. Correntes arquitectónicas.

15.5. Escultura.

15.6. Tendencias e ismos pictóricos. A "fotografía" realista. A captación atmosférica do Impresionismo. Postimpresionismo: unha ponte cara á vangarda. A pervivencia da pintura académica. O movemento simbolista.

15.7. Modernismo.

16. Arte das primeiras vangardas

16.1. Referentes históricos.

16.2. Xeografía e cronoloxía.

16.3. Características xerais.

16.4. Arquitectura.

16.5. Primeiras vangardas artísticas (1905-1945).

17. Arte da segunda metade do século XX

17.1. Referentes históricos.

17.2. Xeografía e cronoloxía.

17.3. Características xerais.

17.4. Do Funcionalismo á arquitectura de autor. A herdanza funcionalista. A crise do movemento moderno: a arquitectura posmoderna.

17.5. Artes plásticas. Segundas vangardas. Tendencias posmodernas. Outras tendencias a partir de 1980.

17.6. Escultura.

17.7. Arte dixital.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

Para a avaliación do alumnado de 2º de Bacharelato na asignatura de Historia da Arte, utilizarase como elemento fundeamental de avaliación a realización de probas escritas, seguindo o criterio establecido polo grupo de traballo para as probas de selectividade dita asignatura, a saber:

Dúas láminas que o alumnado terá que comentar segundo os seguintes apartados:

A.- Un punto pola súa catalogación sinalando cultura/estilo/movemento; cronoloxía; obra; e autor, se procede.

B.- Outro punto pola análise do contexto histórico-artístico.

C.- Finalmente dous puntos por analizar e xustificar a obra seguindo os enfoques metodolóxicos da historia da arte.

O exame completárase, coa formulación de 4 preguntas de definición de conceptos que puntuarán a 0,50 puntos cada unha.